

A Boa Vila no arquivo fotográfico de Otto Wunderlich

Ángel Arcay Barral

Historiador e arquivista

Abstract: Analysis of the Otto Wunderlich's photographic archive and of the photographs taken in the city of Pontevedra and in the Palace of Lourizán.

Keywords: Palace of Lourizán; Pontevedra; Otto Wunderlich; Photographic archive; Archive.

Resumo: Análise do arquivo fotográfico de Otto Wunderlich e das fotografías realizadas na vila de Pontevedra e no Pazo de Lourizán.

Palabras clave: Pazo de Lourizán; Pontevedra; Otto Wunderlich; Arquivo fotográfico; Arquivo.

Resumen: Análisis del archivo fotográfico de Otto Wunderlich y de las fotografías realizadas en la villa de Pontevedra y en el Palacio de Lourizán.

Palabras clave: Palacio de Lourizán; Pontevedra; Otto Wunderlich; Archivo fotográfico; Archivo.

1. O arquivo fotográfico de Otto Wunderlich

Nado en Stuttgart en 1886¹, non foi no país xermano onde iniciaría a súa carreira fotográfica, senon que sería tralas súas estancias en Londres e París cando comezaría a labrarse un nome detrás do obxectivo fotográfico.

A súa data de chegada a España non parece estar moi clara todavía, estando comprendida entre 1913² e 1914 -aínda que temos constancia da publicación de varias obras sobre a cidade de Salamanca en 1900 (Yañez, Ortiz, Holgado, 1986: 186)- momento no que iniciaría a súa actividade combinando os traballos documentais que retrataban o día a día das vilas peninsulares con imaxes de temática industrial para todo tipo de institucións, e é que Otto Wunderlich chega ao sur de Europa para traballar na empresa Guindos, dedicada ao negocio de minerais³.

Será a partir de 1917, e seguindo as modas da época, cando comeza a viaxar ca súa cámara e a realizar as súas propias reportaxes que logo comercializaría en tarxetas postais e álbumes de fotografías, como é o caso das fototipias publicadas baixo o título *Paisajes y Monumentos de España* (1927). Pouco a pouco foi gañando o seu espazo entre as cámaras e comezou a publicar nas revistas e xornais de máis tirada na época.

Serían as súas fotos documentais as que lle reportarían a fama que adquiriu co paso do tempo, retratando imaxes populares de todos os recunchos de España, as súas paisaxes e as esceas tradicionais das súas xentes no primeiro terzo do século XX. Mostrou especial interese no seu traballo polas clases máis desfavorecidas da sociedade da época, alternando estas instantáneas con encargos para editoriais como Espasa, institucións culturais e museos ou mesmo para o Patronato Nacional de Turismo republicano no que tamén traballou. Mais a gran cantidade de fotografías indica tamén o gusto por esta arte, incluso

¹ A propia web do *Instituto del Patrimonio Cultural de España* usa indiferentemente as datas de 1886 e 1887 para referirse ao nacemento do fotógrafo xermano. Archivo Wunderlich na web do IPCE: <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/documentacion/fototeca/fondos-de-la-fototeca/archivo-wunderlich.html> [Consultado o 01/12/2018]

² Sánchez Vigil, J.M., Otto Wunderlich, en Real Academia de la Historia, Diccionario biográfico electrónico: <http://dbe.rah.es/biografias/98531/otto-wunderlich>

³ *Ibíd.*

polo seu desfrute persoal, aínda que tamén pensando nas esixencias da súa clientela privada ca que tamén comercializaba as súas fotografías.

Durante a II República traballou para o Patronato Nacional de Turismo, abandonando España durante a Guerra Civil e volvendo a ligar o seu futuro profesional aos minerais e ao comercio de wolframio que compaxinaba ca vertente industrial das súas fotografías -como denotan, por exemplo, os seus servizos para Hidroeléctrica Española en 1927 (García e Pérez, 2008)-.

A nivel técnico destaca a súa precisión técnica e a sensibilidade estética das súas instantáneas que souberon captar, ao igual que outros fotógrafos do momento, a sociedade das primeiras décadas do século XX.

De entre o seu vasto traballo teremos que destacar o medio millar de fotografías tiradas na Galicia de finais dos anos vinte, sobre todo na provincia pontevedresa. Realizará varios traballos tamén nas provincias de A Coruña e Ourense pero o número de fotografías tiradas na provincia de Pontevedra triplicará ao total das feitas no resto de Galicia. Isto permite coñecer de primeira man a realidade gráfica das diferentes aldeas e cidades pontevedresas en torno ao ano 1929 que puido ser cando se realizaran a maior parte dos traballos.

Moitas das súas fotografías acabarán aparecendo en diferentes obras do momento, como pode ser a *Guía de Pontevedra* que asina o propio Filgueira Valverde⁴ e onde o fotógrafo alemán comparte páxinas con outro reputado colega de profesión, Joaquín Pintos⁵. E é que a incidencia que este personaxe tivo na Pontevedra dese momento foi maior se a comparamos con outros puntos do resto da península que tamén fotografiou. Por ese motivo, a Junta Provincial de Turismo chegou a exhibir as súas fotografías en exposicións circulantes e nas propias salas da institución, sendo moi celebradas como así recolle a prensa da época⁶, ou o propio Patronato Nacional del Turismo escolleu as súas visións da provincia para editar varios modelos de cartas-sobres de propaganda de toda a provincia⁷. As súas imaxes chegarán a compartir papel cas de Loty ou Pintos nos primeiros folletos

⁴ El Progreso: semanario independiente, núm. 1127, 9 de agosto de 1931, pág. 2.

⁵ El Diario de Pontevedra: periódico liberal, núm. 14011, 26 de agosto de 1931, pág. 2.

⁶ El Progreso: semanario independiente, núm. 10178, 28 de novembro de 1929, pág. 2.

⁷ El Progreso: semanario independiente, núm. 10219, 18 de xaneiro de 1930, pág. 2.

turísticos da vila pontevedresa, onde se presentaban os diferentes recursos patrimoniais en varios idiomas e acompañados dun plano esquemático⁸.

O traballo realizado para a Junta Provincial de Turismo pontevedresa parece ser un encargo feito ao propio artista, se nos fiamos da palabras do xornal local *El Progreso* que en outubro de 1929 publicaba⁹:

EXPOSICIÓN WUNDERLICH

En el salón de Exposiciones de la Junta se exhibe la primera serie de fotografías de las 270 que obtuvo el famoso fotógrafo alemán Wunderlich por encargo de la Junta y para servir, con las de los fotógrafos y aficionados locales, como base gráfica de propaganda.

O seu fillo, Rodolfo Wunderlich Wellaner, que nacería durante a estancia do seu pai en España e marcharía tamén co inicio da Guerra Civil, regresou a España para colaborar no Instituto Arqueolóxico Alemán facendo reportaxes de diferentes excavacións, ingresando posteriormente como fotógrafo no Instituto de Restauración de Obras Artísticas -institución da que nacerá o Instituto do Patrimonio Histórico-, cargo que ocupou ata a súa xubilación en 1993¹⁰.

Non sería ata o 2008 cando o Instituto do Patrimonio Cultural de España adquiriu o Arquivo Wunderlich, composto por 45.000 negativos e positivos, cámaras fotográficas e demais ferramentas do seu traballo diario.

Lourizán no arquivo fotográfico de Otto Wunderlich

Dentro das numerosas localizacións nas que podemos ubicar as súas fotografías haberá que destacar cinco instantáneas que realiza no Pazo de Lourizán, seguramente durante esas viaxes polo resto de Pontevedra que podemos encaixar dentro dos últimos anos da década dos vinte. Por desgraza só dúas reflicten o estado de conservación do pazo nese momento,

⁸ El Progreso: semanario independiente, núm. 10219, 18 de xaneiro de 1930, páx. 2.

⁹ El Progreso: semanario independiente, núm. 10154, 26 de outubro de 1929, páx. 2.

¹⁰ Sánchez Vigil, J.M., Otto Wunderlich, en Real Academia de la Historia, Diccionario biográfico electrónico: <http://dbe.rah.es/biografias/98531/otto-wunderlich>

as referidas á escalinata e á vista parcial da fachada da residencia. As outras tres estarán vinculadas cas paisaxes que rodean a Lourizán, tanto na súa vertente vexetal como marítima.



Granxa de Lourizán. Vista da ría coa Illa de Tambo ao fondo.
[Signatura WUN-08136, IPCE]



Vista do Pazo de Lourizán.
[Signatura WUN-08133, IPCE]



Avenida de eucaliptos na Granxa de Lourizán. [Signatura WUN-08132, IPCE]



Granxa de Lourizán. Camiño que baixa cara a ría. [Signatura WUN-08135, IPCE]



Vista da escaleira principal do Pazo de Lourizán. [Signatura WUN-08134, IPCE]


A vila de Pontevedra no arquivo fotográfico de Otto Wunderlich

De entre todas as fotografías tiradas para a Boa Vila, que son a cidade da provincia da que máis volume de fotografías podemos contemplar, presentaremos unha selección dalgunhas das máis destacadas, existindo máis de medio cento de fotografías das rúas e monumentos da cidade, da súa visión panorámica e do río Lérez.

Deste modo presentaremos en primeiro lugar as imaxes panorámicas da vila pontevedresa:



Vista panorámica de Pontevedra. [Signatura WUN-08103, IPCE]



Vista panorámica de Pontevedra. [Signatura WUN-08101, IPCE]

De seguido aquelas onde aparecen os diferentes templos relixiosos da cidade, xa sexa en perspectiva dende as rúas exteriores ou dende o interior dos mesmos:

Convento de San Francisco.
[Signatura WUN-08123, IPCE]



Interior do Convento de San Francisco.
[Signatura WUN-08090, IPCE]





Vista da entrada de San Francisco cara á Praza da Ferraría. [Signatura WUN-08091, IPCE]



Porta da Basílica de Santa María a Maior. [Signatura WUN-08078, IPCE]



Vista do barrio de Santa María.
[Signatura WUN-08095, IPCE]



Vista do barrio coa Basílica de
Santa María a Maior ao fondo.
[Signatura WUN-08097, IPCE]



Cruceiro nas inmediacións de Santa María. [Signatura WUN-08106, IPCE]



Interior da Basílica de Santa María a Maior. [Signatura WUN-08105, IPCE]

Vista da rúa dos Soportais coa
Capela da Virxe Peregrina ao fondo.
[Signatura WUN-08093, IPCE]



Capela da Virxe Peregrina.
[Signatura WUN-08124, IPCE]





Vista da rúa dos Soportais coa
Capela da Virxe Peregrina ao fondo.
[Signatura WUN-08108, IPCE]



Igrexa de San Bertomeo.
[Signatura WUN-08086,
IPCE]

Vista da casa García Flórez, coa Igrexa de San Bertomeo ao fondo.
[Signatura WUN-08085, IPCE]



Interior do Convento de Santa Clara.
[Signatura WUN-08076, IPCE]



Tamén son varias as imaxes nas que aparecen representados os edificios do Museo de Pontevedra ou as vistas desde as súas fiestras:




Vista frontal da casa Castro Monteagudo do Museo de Pontevedra dende os arcos da Praza da Leña. [Signatura WUN-08119, IPCE]



Ruinas de San Domingos. [Signatura WUN-08115, IPCE]



Ruinas de San Domingos.
[Signatura WUN-08116, IPCE]



Ruinas de San Domingos.
[Signatura WUN-08107, IPCE]



Unha sala do Museo de Pontevedra. [Signatura WUN-08114, IPCE]



Vista lateral da casa Castro Monteagudo do Museo de Pontevedra. [WUN-08073, IPCE]

Vista da casa Castro Monteagudo do Museo de Pontevedra. [WUN-08117, IPCE]



Cheminea tradicional exposta no Museo de Pontevedra. [Signatura WUN-08113, IPCE]





Vista da casa García Flórez, coa Igrexa de San Bertomeo ao fondo, dende a casa Castro Monteagudo. [Signatura WUN-08075, IPCE]

De monumentos e rúas soltas que aínda hoxe podemos ver pola cidade sen ter modificado demasiado a súa fisionomía:



Rúa da Formigueira. [Signatura WUN-08099, IPCE]

Instituto de Pontevedra, actual Instituto de Ensino Secundaro Valle-Inclán. [Signatura WUN-08094, IPCE]



Monumento aos Héroes de Pontesampaio. [Signatura, WUN-08083, IPCE]





Vista dos Xardíns de Vincenti.
[Signatura WUN-08081, IPCE]



Vista do Pazo da Deputación Provincial.
[Signatura WUN-08082, IPCE]

Rúa Alta. [Signatura
WUN-08096, IPCE]



As prazas da vila tamén eran un motivo habitual nas súas eleccións:

Praza da Leña. [Signatura
WUN-08110, IPCE]





Praza da Leña. [Signatura WUN-08112, IPCE]



Baixada á Praza do Pan, actual Praza do Teucro. [Signatura WUN-08092, IPCE]

Praza da Pedreira. [Signatura
WUN-08089, IPCE]



Praza da Pedreira. [Signatura
WUN-08087, IPCE]



Ou os diferentes pazos que se amontonan nas rúas da antiga Helenes:



Casa García Flórez. [Signatura
WUN-08120, IPCE]



Pazo dos Cea Naharro, actual
Parador de Turismo. [Signatura
WUN-08084, IPCE]


E por último do porto, das beiras dos ríos e do predio de Monteporreiro:

Predio de Monteporreiro
e ferverza do río Lérez.
[Signatura WUN-08127,
IPCE]



Predio de Monteporreiro e río
Lérez. [Signatura WUN-08131,
IPCE]





Vista do porto dende a ponte.
[Signatura WUN-08121, IPCE]



Paseo no río Léz. [Signatura
WUN-08125, IPCE]

Casas na beira do río. [Signatura
WUN-08079, IPCE]



Antigo hospital de San Lázaro.
[Signatura WUN-08104, IPCE]



Complementando ás fotografías depositadas na Fototeca do Patrimonio Cultural¹¹ encontraremos numerosas instantáneas noutros arquivos de toda a xeografía española, sobre todo daqueles lugares polos que pasou o fotógrafo realizando a súa labor. Por este motivo, moitas das instantáneas presentadas neste traballo tamén se conservaron no arquivo gráfico do Museo de Pontevedra.

Bibliografía

GARCÍA ADÁN, J. C. e PÉREZ DE DIEZ, C.

- “Fotografía de profesionales y aficionados en la industria eléctrica: Otto Wunderlich versus empleados de la empresa” en *Jornadas Archivo y Memoria*, Madrid, 2008.

YÁÑEZ POLO, M. A., ORTÍZ DE LARA, L. e HOLGADO BRANES, J. M.

- *Historia de la fotografía española (1939-1986)*, Sociedad de Historia de la Fotografía Española, Sevilla, 1986.

¹¹ O presente artigo cumpre estritamente o aviso legal no uso das imaxes da *Fototeca del Patrimonio Histórico*, do *Instituto del Patrimonio Cultural de España*, dependente do *Ministerio de Cultura y Deporte* do Goberno de España: http://www.mcu.es/fototeca_patrimonio/avisoLegal.do?condicionesUsoImagenes=true